



<u>Acta número:</u> 8	<u>Pleno do Concello</u>	
<u>Data da sesión:</u> 17.06.2013	<u>Carácter:</u> Ordinaria	<u>Convocatoria:</u> Primeira
<u>Lugar:</u> Teatro Principal.		<u>Hora:</u> 11:10

### Asistentes

Presidente/a: D. Miguel Anxo Fernández Lores

D<sup>a</sup> María dos Anxos Riveiro Portela  
D. Xose Cesáreo Mosquera Lorenzo  
D<sup>a</sup> María do Carme Fouces Díaz  
D. Raimundo González Carballo  
D. Vicente Garcia Legísima  
D<sup>a</sup> María Carmen da Silva Méndez  
D. Xosé Luis Bara Torres  
D. Demetrio Gómez Xunqueira  
D<sup>a</sup> María do Pilar Comesaña Hermida  
D. Miguel Anxo Filgueira Touriño  
D. Jacobo Moreira Ferro  
D<sup>a</sup> María José Rodríguez Teso  
D. Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti  
D<sup>a</sup> Beatriz García Riestra  
D<sup>a</sup> María Biempica Ortiz  
D. Pablo Fernández López  
D. César Alberto Abal González  
D<sup>a</sup> Rosa Encarnación Picallo Quiveo  
D. Miguel Ángel Meijón Couselo  
D<sup>a</sup> Eloisa María Nogueira Garrido  
D. Antonio Louro Goyanes  
D. Agustín Fernández González  
D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García

Secretario Xeral do Pleno: D. José Luis Mato Rodríguez

Interventora: D<sup>a</sup> María Herculina Domínguez Martín, por substitución

Non asiste: D<sup>a</sup> Ana Isabel Vázquez Reboredo (que xustificou a súa ausencia)

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara constituída e aberta a sesión, sendo as 11:10 horas do día indicado.

## **INCIDENCIAS.-**

Logo do anuncio de inicio da sesión, a Presidencia é inmediatamente interrompida por unha persoa sita no patio de butacas e que sostén falar en representación das persoas afectadas pola situación derivada da adquisición, no seu día, de obrigas preferentes e subordinadas. Esta persoa insta a suspensión da sesión plenaria, como medida de presión, sinala, para conseguir que se adopten medidas necesarias para a devolución dos cartos investidos e que, segundo manifesta, lles foron “roubados”.

Gran parte dos presentes entre o público, que tamén semellan afectados pola referida situación (polas camisetas reivindicativas que visten, ao igual que a súa portavoz), insiste na suspensión da sesión plenaria, e mesmo manifestan a vontade da súa non celebración ata que se solucionen as súas demandas.

Neste intre, abandonan a sesión **os integrantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, don Anton Louro Goyanes, D. Agustín Fernández González e D<sup>a</sup> Carlota del Carmen Román García.**

A continuación o **Sr. Alcalde-Presidente** diríxese a falar coa voceira dos afectados e, seguidamente, despois de intercambiar impresións co **portavoz do grupo municipal do Partido Popular**, efectúa a seguinte declaración: “Quería comunicarlle a todos os presentes que suspendemos o Pleno ordinario da Corporación, obviamente por petición expresa da plataforma de Marín-Pontevedra das preferentes, e como argumento que compartimos que se confirma o roubo do aforro de miles e miles de galegos, que non teñen nin sequera a esperanza da arbitrase e que non lles queda máis que as quitas que en algúns casos, como sabedes vos mellor cá min, chegan ata o 64% e, polo tanto, ante este roubo do aforro dos galegos, en solidariedade coas persoas afectadas e con todo o país, suspendemos este pleno, moitas grazas”

O Sr. Alcalde-Presidente deu por finalizada a sesión, sendo ás 11:15 horas, de todo o que eu, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde,

O Secretario Xeral do Pleno,

Miguel Anxo Fernández Lores.

José Luis Mato Rodríguez.